

**NORMAS XERAIS DO CROS FINAL PROVINCIAL DE OURENSE 13/12/2025 NO
CONCELLO DE RIBADAVIA**

O Servizo de Deportes de Ourense da Xunta de Galicia en colaboración coa Delegación de OURENSE da Federación Galega de Atletismo, o Concello de Ribadavia e a ADE O Ribeiro organiza a Final co Campionato Provincial de CROS dentro de XOGADE no programa "ACTIVIDADE DEPORTIVA", como se expón a continuación:

1. CATEGORIAS:

CATEGORIAS	ANO DE NACEMENTO
Benxamín (masculino e feminino)	2018-2017
Alevín (masculino e feminino)	2016-2015
Infantil (masculino e feminino)	2014-2013
Cadete (masculino e feminino)	2012-2011

2. DATAS:

PROBA	PARTICIPANTES	DATA
FINAL PROVINCIAL	Centros e Clubes (RIBADAVIA)	Sábado 13/12/2025

3. PARTICIPACIÓN:

3.1.- Poderán tomar parte en cada unha das probas os clubes ou colexios da Provincia de Ourense.

3.2.- É recomendable que todos/as os/as participantes se presenten portando unha camiseta distintiva do seu centro ou clube.

3.3.- Calquer aspecto non recollido nestas Normas Xerais rexirase polo normativa colgada na web oficial de XOGADE (Xogos galegos deportivos en idade escolar file:///C:/Users/cberfer/Downloads/Normativa%20Xeral%2025_26-2.pdf) e o Regulamento Federativo.

4. INSCRICIÓN:

4.1.- Para a final Provincial do **13/12/2025**, as inscricións faranse separadas por categorías e equipos. Farana de xeito individual os que así se clasificaron.

A inscrición dos atletas participantes na competición terá como data límite o martes **9 de decembro de 2025** ata as **20:00h**. Calquera inscrición posterior a data sinalada non será admitida.

!!!MUY IMPORTANTE!!!

INSTRUCCIÓN PARA TRAMITACIÓN DE INSCRICIÓN NA INTRANET DA RFEA

Os Clubes, Colexios ou Asociacións, unha vez dados de alta todos os deportistas na aplicación de XOGADE, deben enviar o **Excell que aparece na páxina <https://atletismo.gal/competicions/xogade-cros-fase-provincial-ourense-2025/>**, con todos os deportistas que teñan dereito a inscribirse nesa competición, ó enderezo electrónico (**eventos@atletismo.gal**) no prazo establecido.

Os Clubes, Colexios ou Asociacións que teñan a todos os seus deportistas federados, usarán o usuario e clave que xa teñen asignado e farán as inscricións na SDP RFEA (**<https://atletismorfea.es/user/login-registro>**) no prazo establecido.

4.2.- O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada equipo poderán realizar un máximo de DOUS cambios en cada categoría, sobre a inscrición previamente realizada. Estes cambios formalizáranse na Secretaría da Competición, ate 30 minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizados/as aos/as corredores/as.

5. DORSAIS:

5.1.- Os dorsais serán facilitados pola Organización a través da Secretaría ata 30 minutos antes do comezo da proba correspondente. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados, que non poderán cortarse, dobrarse ou ocultarse de xeito algún.

5.2.- Os/as participantes quedan obrigados a levar os dorsais no peito, descalificándose a quen non o leve así.

6. CLASIFICACIÓN E PREMIOS:

As bases da clasificación aparecen na normativa de XOGADE (apartado clasificacións). Para o Campionato Galego (Ribadeo 17/01/2026), clasificaranse os 2 mellores equipos do Campionato Provincial (das categorías Alevín, Infantil e Cadete), así como os 10 primeiros atletas clasificados de xeito individual que non estean incluídos nos equipos clasificados, sempre e cando entren na meta entre os 15 primeiros. Ao rematar tódalas probas farase entrega de medallas aos 3 primeiros clasificados de cada categoría e trofeo e medallas aos tres primeiros equipos de cada categoría.

7. LUGAR:

A VERONZA. RIBADAVIA

8.- HORARIOS

Os horarios e o percorrido serán colgados na páxina da federación galega de atletismo en breves días.

NOTA: Para o traslado do alumnado ao lugar de celebración da proba, os/as responsables ou delegados/as poranse en contacto co Servizo Provincial de Deportes, unha vez formalizada a inscrición. Deberán aportar a información correspondente ao número de pasaxeiros, lugar e hora de saída. Para realizar esta xestión terán de prazo ata o martes **09 de decembro de 2025** ás **14:00h**.

Ourense, a 28 de novembro de 2025

O COORDINADOR PROVINCIAL DO DEPORTE ESCOLAR